PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 145 | IX lexislatura | 1 de agosto de 2013

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Admisión a trámite do acordo do Consello da Xunta de Galicia

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 1 de agosto de 2013, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm 10756) 33077

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

— Convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (2 de agosto de 2013, ás 13.15 horas) 33076

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Admisión a trámite do acordo do Consello da Xunta de Galicia

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 1 de agosto de 2013, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm 10756)

No Rexistro Xeral da Cámara tivo entrada o día 1 de agosto de 2013, co número 10756, o escrito do director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En virtude da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de xullo de 2009, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 48, do 13 de xullo de 2009), adóptase o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite e cualificar o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Incorporar o dito documento, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 31 de xullo de 2013, á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 2 de agosto.

3º. Dar conta deste acordo na próxima reunión da Mesa do Parlamento.

4º. Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión extraordinaria o próximo día 2 de agosto de 2013, ás 13.15 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 31 de xullo de 2013, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único:

Fixación do límite de gasto non financeiro

Debate e votación do límite de gasto non financiero da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 10657 e 10658) 09/SCPE-000002

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 1 AGO. 2013
Núm. 10756

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 1 AGO. 2013
SAIDA
Num. 1263

Achégolle certificación do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tamén se achega o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA • VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA • DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de agosto de dous mil trece adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. "O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia no 2014 fixase en 8.456 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado.
3. O vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia."

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a un de agosto de dous mil trece.

Visto e prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Informe sobre a posición cíclica da economía galega

Xullo 2013

Índice

0. Introdución 3

1 O entorno internacional da economía galega 5

2. Situación da economía española 10

3. Evolución recente da economía galega 15

4. O escenario macroeconómico 2012 - 2013 21

5. Saldo orzamentario axustado ciclicamente 26

6. Avaliación da posición cíclica da economía galega 33

7. Avaliación da posición cíclica para as Comunidades Autónomas 38

8. Envolvente financeira plurianual 41

9 Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado 51

0. Introdución

En España, a Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aprobada como Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da mesma lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

A proposta de fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública estará acompañada dun informe no que se avalíe a situación económica que se prevé para o horizonte temporal de fixación de obxectivos, que serán os vindeiros tres anos.

Este informe será elaborado polo Ministerio de Economía y Competitividad, previa consulta ao Banco de España, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea. Conterá o cadro macroeconómico plurianual no que especificará, entre outras variables, a previsión de evolución do PIB, a fenda de produción, a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo para a economía española e o saldo cíclico do conxunto das administracións públicas, distribuído entre os seus subsectores.

A taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española, calcularase de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea. Esta taxa será a referencia a ter en conta por todas as comunidades autónomas na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Por último, o artigo 30 da devandita lei orgánica recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, como xa establecía o artigo 12 da lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Antes do 1 de agosto de cada ano, as comunidades autónomas remitirán ao Consello de política fiscal e financeira información sobre o límite de gasto non financeiro que houberan aprobado.

Como pode apreciarse a nova normativa básica en materia orzamentaria da un pulo aos equilibrios básicos que deben cumprir os orzamentos públicos pasando do anterior sistema baseado na estabilidade ao longo do ciclo, cun nesgo alto ao endebedamento, a un sistema

baseado no equilibrio estrutural, que se centra nunha evolución do gasto acorde coa taxa media de crecemento do Estado.

Na medida en que todas as administracións resultan afectadas polas consecuencias do procedemento de déficit excesivo aberto contra o Reino de España e a conseguinte senda de consolidación fiscal comprometida, o camiño a ese equilibrio estrutural pasa polos obxectivos de necesidade de financiamento aprobados no devandito procedemento e trasladados ao Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas.

Son os escenarios macroeconómicos do informe do Ministerio de Economía y Competitividad sobre a economía española a base para que o Goberno de España formule as proxeccións orzamentarias do conxunto das administracións públicas españolas que se deben presentar xunto cos obxectivos de estabilidade orzamentaria para a súa aprobación á Unión Europea nos programas de estabilidade. Tamén lle serven para estimar os ingresos orzamentarios da AGE e elaborar os escenarios orzamentarios plurianuais nos que se enmarcan anualmente os presupostos xerais do Estado.

Por tanto, para cada exercicio a Xunta de Galicia debe proceder á fixación do límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma, este obterase da proxección dos ingresos previstos para o vindeiro exercicio, dos axustes de contabilidade nacional que podan corrixir o resultado orzamentario e do obxectivo de capacidade ou necesidade de financiamento aprobado para dito ano.

Para analizar a envolvente financeira da comunidade autónoma convén estudar o cadro macro elaborado polo Ministerio de Economía y Competitividad, referencia obrigada aos efectos de dar cumprimento á lei orgánica, así como as particularidades macro propias da nosa comunidade autónoma.

Por iso se elabora un estudo sobre a posición da economía galega nun horizonte plurianual e un escenario macroeconómico. Este informe elabórase tamén ao abeiro do artigo 11.2 da Lei de Galicia 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que indica que ao acordo do Consello da Xunta sobre o límite de gasto achegaráselle un informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da comunidade autónoma.

1. O entorno internacional da economía galega

O crecemento da economía mundial previsto para o ano 2013 é do 3,1% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións. Este prognóstico supón unha moi leve mellora, unha décima, con respecto ao dato de 2012 se utilizamos os datos da Organización para la cooperación y el desarrollo (OCDE) e da Comisión Europea (CE) que estimaban un crecemento do 3,0% para ese ano; segundo o Fondo monetario internacional (FMI), que revisou o 9 de xullo á baixa os datos, o crecemento de 2013 é igual ao de 2012. Para o ano 2014 espérase unha mellora máis significativa, o crecemento mundial do produto roldará o 4,0%. Estas previsións, nas que coinciden basicamente o FMI, a OCDE e a Comisión Europea, suxiren unha lenta consolidación da recuperación económica mundial para o que queda de ano e para 2014. Esta recuperación baséase fundamentalmente na reactivación do comercio mundial e no crecemento dos países emerxentes e desenvolvidos, a previsión para o crecemento do comercio mundial sobe case un punto en 2013 sobre o crecemento de 2012 e dous puntos en 2014. En cambio a política de expansión cuantitativa levada a cabo pola Reserva federal americana podería estar próxima a un punto de inflexión e limitar o crecemento dese país que ten unha elevada repercusión na economía mundial.

Cadro 1

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI (xullo 2013)		OCDE (maio 2013)		Comisión Europea (maio 2013)	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
PIB Mundial	**3,1**	**3,8**	**3,1**	**4,0**	**3,1**	**3,8**
Área Euro	-0,6	0,9	-0,6	1,1	-0,4	1,2
Francia	-0,2	0,8	-0,3	0,8	-0,1	1,1
Alemania	0,3	1,3	0,4	1,9	0,4	1,8
Italia	-1,8	0,7	-1,8	0,4	-1,3	0,7
Portugal	-2,3*	0,6*	-2,7	0,2	-2,3	0,6
España	**-1,6**	**0,0**	**-1,7**	**0,4**	**-1,5**	**0,9**
Reino Unido	0,9	1,5	0,8	1,5	0,6	1,7
Estados Unidos	1,7	2,7	1,9	2,8	1,9	2,6
Xapón	2,0	1,2	1,6	1,4	1,4	1,6
Marrocos	4,5*	4,8*	--	--	--	--
México	2,9	3,2	3,4	3,7	3,5	3,5
Brasil	2,5	3,2	2,9	3,5	3,0	3,6
China	7,8	7,7	7,8	8,4	8,0	8,1
India	5,6	6,3	5,3	6,4	5,7	6,6
Comercio mundial de bens e servizos	**3,1**	**5,4**	**3,6**	**5,8**	--	--

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

* Previsións de abril

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, estas diferenzas, en

esencia, son as seguintes: as economías avanzadas[1] crecerán en 2013 lixeiramente por enriba do 1,0%, crecemento similar ao de 2012, en 2014 a expansión superará o 2,0%. As economías emerxentes e desenvolvidas[2] acadarán en 2013 un crecemento lixeiramente superior ao de 2012, pero neste caso a taxa é do 5,0%, en 2014 o crecemento esperado é do 5,4%.

Un último apunte sobre estas previsións globais, comparando coas estimacións previas elaboradas polos mesmos organismos, os novos prognósticos rebaixan o crecemento proposto anteriormente para o ano 2013, se consideramos unicamente as principais economías. As previsións do FMI de abril rebaixaban as taxas de outubro no mesmo sentido que a OCDE e a Comisión Europea. As máis recentes de xullo deste organismo volven a reducir as variacións anuais para os principais países.

Cadro 2

Previsións 2013. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Abril	Xullo	Novembro	Maio	Novembro	Maio
PIB Mundial	**3,3**	**3,1**	**3,4**	**3,1**	**3,3**	**3,1**
Área Euro	-0,3	-0,6	-0,1	-0,6	0,1	-0,4
Francia	-0,1	-0,2	0,3	-0,3	0,4	-0,1
Alemania	0,6	0,3	0,6	0,4	0,8	0,4
Italia	-1,5	-1,8	-1,0	-1,8	-0,5	-1,3
Portugal	-2,3	--	-1,8	-2,7	-1,0	-2,3
España	**-1,6**	**-1,6**	**-1,4**	**-1,7**	**-1,4**	**-1,5**
Reino Unido	0,7	0,9	0,9	0,8	0,9	0,6
Estados Unidos	1,9	1,7	2,0	1,9	2,3	1,9
Xapón	1,6	2,0	0,7	1,6	0,8	1,4
Marrocos	4,5	--	--	--	--	--
México	3,4	2,9	3,3	3,4	3,5	3,5
Brasil	3,0	2,5	4,0	2,9	3,9	3,0
China	8,0	7,8	8,5	7,8	7,7	8,0
India	5,7	5,6	5,9	5,3	5,8	5,7
Comercio mundial de bens e servizos	**3,6**	**3,1**	**4,7**	**3,6**	**--**	**--**

FONTES: FMI, OCDE e Comisión Europea

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, por tanto, teñen unha maior influenza na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido, Portugal e Marrocos.

Para o seguimento dos países da zona euro utilízanse os datos da Comisión Europea, que publicou o 3 de maio deste ano. Estas previsións son congruentes coas do FMI e as da OCDE e informan de que o PIB da zona euro se recuperará na segunda metade de 2013 e comezará

[1] Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

[2] Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Argentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.

a crecer a moderada velocidade en 2014. Esta recuperación baséase na mellora da demanda externa posto que os axustes nos balances dos sectores públicos e privados lastrará a demanda interna en moitos dos países membros. En 2013 a caída do PIB roldará o medio punto, dúas décimas inferior á caída de 2012; en 2014 o produto incrementarase en punto e medio. a Comisión advirte que estas predicións asumen que continuarán os esforzos políticos para evitar un novo agravamento da crise de débeda soberana.

Por paises dentro da zona euro, as perspectivas para 2013 son dispares con respecto ao conxunto, Alemania, Francia e España rexistrarán en 2013 unha taxa de crecemento inferior á de 2012 e Italia e Portugal unha taxa superior á do ano precedente. Só Alemania presentará un crecemento positivo (0,4%), as restantes economía mencionadas rexistrarán caídas con respecto a 2012, Francia un 0,1%, Italia un 1,3%, España un 1,5% e Portugal un 2,3%.

En cambio, as previsións para 2014 son máis conformes entre o conxunto e as economías individuais. Todas as principais economías acadan crecementos positivos e superiores aos do ano precedente. Así o crecemento de Alemania será do 1,8%, o de Francia do 1,1%, o de España do 0,9%, o de Italia do 0,7% e o de Portugal do 0,6%.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para o ano 2013 son dun crecemento do 0,6%, lixeiramente superior ao do ano precedente e superior á media da zona euro. Para 2014 o crecemento será do 1,7%.

En Estados Unidos os crecementos esperados son do 1,9% en 2013 e do 2,6% en 2014, o primeiro é inferior ao do ano anterior pero moi por enriba dos crecementos que se rexistrarán en Europa. En Xapón estes crecementos son do 1,4% e do 1,6%.

Os datos de China e India para 2013 melloran os rexistros de 2012 aínda que non alcanzan os rexistros de crecemento previos á crise. En China o crecemento esperado será do 8,0% e en India do 5,7%. En 2014 as taxas continuarán elevándose ata o 8,1% en China e o 6,6% na India. O FMI rebaixa nas súas previsións de xullo deste ano estes crecementos ao 7,8% e 7,7% en China e ao 5,6% e 6,3% na India.

Utilizando os datos do FMI – previsións de abril - para a economía de Marrocos observamos un crecemento do 4,5% en 2013, 1,5 puntos porcentuais por enriba do crecemento do ano anterior, e un incremento do 4,8% en 2014.

A Comisión Europea e a OCDE tamén ofrecen nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. O gráfico 1 presenta o crecemento intertrimestral para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón segundo a CE, os datos da OCDE son totalmente concordantes.

Gráfico 1

Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2012 e 2013



Fonte: Comisión Europea

A vista destes gráficos obsérvase que en xeral o esperado é unha tendencia crecente ao longo de 2013 e 2014 coa excepción de Xapón, as taxas estabilízanse a partir de mediados de 2014. Ademais obsérvase que en 2013 os crecementos son positivos nas principais economías a partir do segundo ou terceiro trimestre, en España e Portugal deberemos agardar ata o cuarto trimestre do ano.

En termos de taxas interanuais os crecementos son os que se mostran no gráfico 2, o retraso da taxa interanual con respecto á intertrimestral pospón o crecemento positivo entre un e dous trimestres, tendo isto en conta, os comentarios realizados no parágrafo anterior son, en conxunto, válidos.

Grafico 2

Previsións crecemento interanual do PIB en 2013 e 2014









Fonte: Comisión Europea

2. Situación da economía española

O PIB xerado pola economía española no primeiro trimestre de 2013 rexistrou un decrecemento do 2,0% respecto ao mesmo período do ano anterior, unha décima maior ao rexistrado no período precedente. En termos de taxa intertrimestral o descenso foi do 0,5%, tres décimas inferior á caída experimentada no trimestre precedente. Deste xeito a economía española continúa con taxas negativas debido á caída da demanda nacional, que segue a mostrar contribucións negativas superiores ás de trimestres anteriores.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha maior caída da demanda nacional que se compensa parcialmente pola achega da demanda externa que mellora unha décima. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB sitúase no -4,9%, dúas décimas máis negativa que á rexistrada no trimestre precedente e por outra, a demanda externa incrementa a súa achega ao crecemento agregado nunha décima con respecto ao trimestre precedente, situándose en 2,9 puntos porcentuais.

Cadro 3

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de volume

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Tasas de variación anual e interanual (%)

			2012				2013
Operacións	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	-0,8	-2,5	-2,0	-2,3	-2,6	-3,3	-4,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,0	-2,1	-1,3	-2,2	-2,1	-3,0	-3,9
-Gasto en consumo final das AAPP	-0,5	-3,7	-3,8	-2,8	-4,0	-4,1	-4,3
Formación bruta de capital	-5,5	-8,7	-7,1	-8,8	-9,2	-9,7	-9,0
Demanda interna (en termos nacionais)[1]	-1,9	-3,9	-3,1	-3,7	-4,0	-4,7	-4,9
Exportacións de bens e servizos	7,6	3,1	2,1	2,7	4,2	3,2	4,5
Importacións de bens e servizos	-0,9	-5,0	-5,9	-5,2	-3,4	-5,4	-5,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	**0,4**	**-1,4**	**-0,7**	**-1,4**	**-1,6**	**-1,9**	**-2,0**

[1] Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad trimestral nacional (INE)

O gasto en consumo final dos fogares aumenta o seu decrecemento interanual este trimestre dende o 3,0% ata o 3,9%; como consecuencia dun empeoramento de todos os grupos de consumo excepto os bens duradeiros.

O gasto en consumo final das AA.PP. tamén rexistra un decrecemento superior ao do cuarto trimestre de 2012, a taxa situouse no -4,3%, dúas décimas máis negativa que no trimestre precedente. A redución do gasto en compras de bens e servizos foi a principal responsable destes descenso.

A formación bruta de capital fixo, en cambio, diminúe a súa contracción pasando do -9,7% ao -9,0%. Segundo o tipo de activos, os materiais mostran unha evolución similar á do agregado e os inmateriais presentan unha taxa positiva (0,1%).

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de 2 9 puntos porcentuais, superando unha décima o nivel do trimestre precedente; resultado que se produce como consecuencia dunha aceleración das exportacións a pesar da menor desaceleración das importacións. As exportacións de bens e servizos aceleran o seu crecemento pasando do 3,2% ao 4,5%, este maior crecemento prodúcese nas exportacións de bens que rexistran un crecemento do 5,2%, 2,2 puntos por enriba do crecemento do trimestre precedente e das compras dos non residentes que rexistran un crecemento do 0,7%, superando en 3,6 puntos o dato do cuarto trimestre de 2012. As exportacións de servizos non turísticos creceron un 4,5%, por debaixo do 7,9% rexistrado no trimestre anterior.

Pola súa parte, as importacións caeron un 5,1%, tres décimas por debaixo da caída rexistrada no trimestre precedente. Tanto as importacións de bens como as compras dos residentes no resto do mundo minoran as súas caídas, sen embargo, as importacións de servizos non turísticos experimentan un empeoramento na taxa de variación, pasando do -2,0% ao -8,1%.

Dende a perspectiva da oferta apreciase unha maior caída que no trimestre precedente na industria e nos servizos, a construción decrece a menor ritmo e as ramas primarias presentan un crecemento positivo.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira pasan dun crecemento do 1,9 ao 0,6%, as industriais elevan 1,5 puntos o seu decrecemento, do 2,4 ao 3,9% e, dentro destas, as manufactureiras incrementan o seu descenso seis décimas, en liña coa evolución contractiva da demanda nacional de bens de consumo manufacturados. A construción rexistra un descenso do 6,3%, reducindo a súa caída 2,2 puntos porcentuais, segundo o INE este deterioro é congruente coa demanda de activos ligados a esta actividade e do emprego no sector.

Por último, as ramas dos servizos acrecentan unha décima o seu descenso situándose este no 1,3%. A maior caída da taxa con respecto ao trimestre precedente é o da rama de información e comunicacións, seguida polas actividades inmobiliarias e o comercio, transporte e hostalería.

Cadro 4

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Tasas de variación anual e interanual (%)

			2012				2013
Operacións	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, gandaría e pesca	8,2	2,2	2,5	2,2	2,4	1,9	0,6
Industria	2,7	-2,9	-3,2	-3,1	-2,9	-2,4	-3,9
- Industria manufacturera	2,9	-3,9	-4,3	-4,5	-3,4	-3,6	-4,2
Construción	-5,9	-8,1	-7,5	-7,7	-8,9	-8,5	-6,3
Servizos	1,4	-0,4	0,7	-0,3	-0,6	-1,2	-1,3
Impostos netos sobre os produtos	-5,5	-0,3	-0,4	-0,2	-0,2	-0,5	-0,9
PRODUCTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	**0,4**	**-1,4**	**-0,7**	**-1,4**	**-1,6**	**-1,9**	**-2,0**

Fonte: Contabilidad trimestral nacional (INE)

O emprego, medido en postos de traballo a tempo completo, reduce o seu decrecemento en dúas décimas ata situarse no -4,5% o que supón a redución de 761 mil empregos netos a tempo completo nun ano. O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía diminúe un 5,6% neste trimestre comparado co mesmo trimestre do ano pasado. A diferenza entre esta evolución e a dos empregos equivalentes a tempo completo debese o decrecemento do 1,1% da xornada media a tempo completo, diminuíndo dous puntos con respecto ao cuarto trimestre de 2012.

Con este crecemento da actividade e do emprego a produtividade aparente por posto de traballo equivalente redúcese en tres décimas, dende o 2,9 ata o 2,6%.

Cadro 5

Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

Tasas de variación anual e interanual (%)

			2012				2013
	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, gandaría e pesca	-3,3	-1,6	-1,7	-1,3	-0,3	-2,8	-5,3
Industria	-1,0	-5,2	-3,9	-5,8	-5,7	-5,5	-5,4
- Industria manufacturera	-1,0	-5,8	-4,6	-6,3	-6,2	-6,3	-5,5
Construción	-15,7	-18,6	-20,9	-18,3	-18,4	-16,5	-14,1
Servizos	0,0	-3,0	-1,8	-3,2	-3,3	-3,5	-3,5
Total postos de traballo equivalentes a TC	**-1,7**	**-4,4**	**-3,7**	**-4,7**	**-4,6**	**-4,7**	**-4,5**

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. INE, Contabilidad nacional trimestral

Estes datos do primeiro trimestre de 2013 confirman que o ritmo de decrecemento económico se minorou en termos de taxa intertrimestral e coinciden co previsto pola Comisión que se mostra nos gráficos 1 e 2. Esta previsión estima que os decrecementos interanuais do PIB nos restantes trimestres do ano tenderán a ser cada vez menores e que acadarán un rexistro positivo no primeiro trimestre de 2014. En termos de taxa intertrimestral o crecemento deixará de ser negativo no cuarto trimestre deste ano.

No que respecta ao crecemento esperado para 2013 e 2014, o escenario do Goberno (máis actualizado) prevé unha caída do PIB en 2013 do 1,3% e un incremento do 0,5% en 2014. A OCDE e a CE estiman que o PIB se contraerá un 1,7% e un 1,5% respectivamente en 2013 e crecerá en 2014 un 0,4% segundo a OCDE e un 0,9% segundo a CE. O FMI prognosticaba en abril unha caída do 1,6% en 2013 e un aumento do 0,7% en 2014, prognóstico que revisou a principios de xullo respectando o crecemento de 2013 e minorando o de 2014 ata o 0,0% (no cadro 6 utilízase a previsión anterior para poder desagregar por compoñentes da demanda).

Polo tanto, as previsións para 2013 están entre o -1,3% segundo o Goberno e o -1,7% segundo a OCDE. Se analizamos as razóns desta caída dende a perspectiva da demanda segundo

estas catro fontes chegamos ás seguintes conclusións: a achega da demanda nacional minora da orde de 4 puntos o crecemento do agregado e, dentro da demanda nacional, as caídas afectan a todas as compoñente, consumo de fogares, de AA.PP. e formación bruta de capital. A primeira compoñente, o consumo dos fogares presenta unha caída superior á do ano anterior segundo todas as estimacións; o consumo das AA.PP. caerá máis que en 2012 segundo o Goberno e menos segundo os outros organismos e a formación bruta de capital presentará un caída menor en 2013 que a rexistrada en 2012. A previsión máis optimista, a do Goberno, baséase nunha achega da demanda interna menos negativa (-3,6% fronte a un -4,0% ou un -4,3%) que responde á súa vez a unha caída menos elevada do gasto en consumo final dos fogares e da formación bruta de capital.

O crecemento esperado para 2014 baséase nunha forte mellora da demanda nacional, sustentada no consumo dos fogares e na formación bruta de capital. A achega do sector exterior será positiva pero inferior á do ano anterior debido a un maior crecemento das importacións.

No cadro 6 presentamos as estimacións de crecemento para España previstas para o ano 2013 e 2014 polo Goberno, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.

Cadro 6

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)

	2013				2014			
	Ministerio de Economía (xuño 2013)	CE (maio 2013)	FMI (abril 2013)	OCDE (maio 2013)	Ministerio de Economía (xuño 2013)	CE (maio 2013)	FMI (abril 2013)	OCDE (maio 2013)
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional.	-2,9	--	--	--	-0,8	--	--	--
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	-2,5	-3,1	-3,4	-3,0	0,0	-0,1	0,5	-1,5
Gasto en consumo final das AA.PP.	-4,4	-3,7	-3,2	-2,9	-2,9	-0,4	1,2	-1,4
Formación bruta de capital	-6,7	--	--	--	-0,2	--	--	--
Formación bruta de capital fixo	--	-7,6	-7,5	-9,9	--	-1,1	-1,7	-2,9
Demanda nacional*	-3,6	-4,0	-4,0	-4,3	-0,6	-0,4	-0,2	-1,6
Exportacións de bens e servizos	3,8	4,1	3,3	4,5	5,8	5,7	4,2	6,7
Importacións de bens e servizos	-3,6	-4,0	-4,7	-3,7	2,7	2,0	1,5	0,8
Achega exterior*	2,3	2,6	2,4	2,6	1,2	1,3	0,9	2,0
Produto interior bruto	**-1,3**	**-1,5**	**-1,6**	**-1,7**	**0,5**	**0,9**	**0,7(2)**	**0,4**
Produto interior bruto nominal	**0,1**	**0,1**	**-0,7**	**-1,0**	**2,0**	**1,9**	**1,9**	**0,8**
Mercado de traballo								
Emprego. Equivalente a tempo completo	-3,4	-3,4	--	--	-0,4	0,0	--	--
Taxa de paro	27,1	27,0	27,0	27,3	26,7	26,4	26,5	28,0

* Achega ao crecemento do PIB

1) Inclúe ás ISFLSF

2) A previsión de principios de xullo é dun crecemento nulo

FONTES: Ministerio Economía, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións son en esencia coincidentes, só o dato da OCDE para o ano 2014 é discordante ao elevar esta a un 28%.

3. Evolución recente da economía galega

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2013 rexistrou un descenso de catro décimas con respecto ao trimestre anterior, medido en termos de indices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este descenso é inferior en dúas décimas a diminución intertrimestral observada no trimestre anterior. O descenso sobre o trimestre anterior do PIB galego é unha décima menor que o dato difundido polo INE de descenso da economía española.

Neste trimestre o descenso interanual sitúase no 1,7%, igual ao retroceso do trimestre anterior e tres décimas inferior á caída do PIB nacional.

Cadro 7

Produto interior bruto
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

			2012				2013
	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	-0,1	-1,2	-1,0	-1,1	-0,9	-1,7	**-1,7**
Variación intertrimestral	--	--	-0,4	-0,4	-0,2	-0,6	**-0,4**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Gráfico 3



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No primeiro trimestre de 2013, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -3,8 puntos porcentuais, tres décimas inferior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 3,2%, dúas décimas

superior á caída rexistrada no trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital decrece un 5,4%, sete décimas por enriba do retroceso observado no cuarto trimestre de 2012. A contribución do sector exterior é de 2,1 puntos porcentuais, superando en tres décimas a achega observada no trimestre precedente.

Gráfico 4



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Cadro 8

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2008=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2011	2012	2012 Tr. I	2012 Tr. II	2012 Tr. III	2012 Tr. IV	2013 Tr. I
Gasto en consumo final	-1,0	-2,4	-1,9	-2,4	-2,3	-3,0	**-3,2**
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,0	-2,2	-1,4	-2,0	-2,3	-2,9	**-2,9**
-Gasto en consumo final das AAPP	-1,1	-3,2	-3,4	-3,5	-2,4	-3,5	**-4,2**
Formación bruta de capital	-4,2	-5,0	-5,9	-5,6	-3,8	-4,7	**-5,4**
Demanda interna (en termos nacionais)(1)	-1,8	-3,1	-2,9	-3,2	-2,8	-3,5	**-3,8**
Exportacións de bens e servizos	4,5	-5,0	-9,5	-6,6	1,9	-5,6	**5,7**
Importacións de bens e servizos	1,1	-8,0	-12,0	-9,6	-1,7	-8,3	**1,4**
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	**-0,1**	**-1,2**	**-1,0**	**-1,1**	**-0,9**	**-1,7**	**-1,7**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

(1) Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 2,9% no primeiro trimestre de 2013, o mesmo descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade do mercado de traballo, que segue a mostrar taxas negativas,

incide na renda dispoñible dos fogares e é o principal causante do descenso continuado do consumo. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan descensos interanuais. A matriculación de turismos e a renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor mostran descensos interanuais inferiores aos do trimestre precedente. En cambio, outros indicadores como o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario e o indicador de confianza do consumidor presentan unha taxa inferior á do trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas descende sete décimas máis que a taxa observada no trimestre anterior, acadando un descenso do 4,2%.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída superior ao do trimestre anterior, descendeu un 5,4% neste trimestre. Os indicadores que rexistran descensos superiores aos do no trimestre anterior son os relativos a inversión en construción e a produción industrial de bens de equipo. En cambio, a matriculación de vehículos de carga acada unha taxa de crecemento menos negativa que a do trimestre precedente e a importación de bens de capital deflactada co índice de valor unitario correspondente rexistra un crecemento lixeiramente positivo.

Como xa se comentou anteriormente, no primeiro trimestre de 2013 a achega da demanda externa neta foi de 2,1 puntos, tres décimas superior que a estimada para o trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 5,7% cando no trimestre precedente caían un 5,6; as exportacións galegas fóra de España creceron neste trimestre un 8% en termos nominais e, tendo en conta que o deflactor é negativo para este agregado, o crecemento real supera o 14%. Pola súa parte, as importacións aumentaron un 1,4%, o que supón un forte impulso con respecto ao decrecemento rexistrado no trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2013 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son negativas agás na industria. As menores caídas corresponden ao sector primario e aos servizos, a construción rexistra un decrecemento máis elevado. Con respecto ás taxas do trimestre precedente, a industria ascende máis de 3 puntos, as ramas agraria, gandeira e pesqueira en conxunto melloran levemente e, por último, agravan a taxa negativa do trimestre anterior a construción e os servizos.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un descenso do 2,0%, dúas décimas menos que o decrecemento do cuarto trimestre do ano pasado. O comportamento do sector pesqueiro, onde os indicadores de volume presentan unha caída máis elevada que a do trimestre precedente, foi compensado pola menor caída rexistrada no resto de ramas do sector.

As ramas da industria rexistran un crecemento do 3,0%, volvendo a taxas positivas logo da taxa negativa do cuarto trimestre. Dentro destas, a industria manufactureira decreceu un 1,0%.

A taxa de variación interanual do sector da construción foi do -4,5%, seis décimas inferior ao rexistro do trimestre anterior. A edificación residencial, a non residencial e a licitación oficial mostran taxas interanuais máis desfavorables que as do cuarto trimestre de 2012.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un decrecemento interanual do 2,5%, o que implica unha caída oito décimas superior á do trimestre precedente. As ramas do "comercio, transporte e hostalería", "información e comunicacións", "actividades financeiras e de seguros", "actividades profesionais" e a "administración pública, sanidade e educación" rexistran taxas negativas, as tres primeiras son as que rexistran os maiores descensos. Con respecto ás taxas rexistradas no cuarto trimestre do ano anterior empeoran as catro primeiras ramas mencionadas anteriormente e as "actividades inmobiliarias", e acadan menores descensos ou maiores crecementos as restantes.

Cadro 9

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2008=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

			2012				2013
Operacións	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	2,3	0,0	1,9	0,3	0,1	-2,2	**-2,0**
Industria	-3,8	-1,3	-6,6	-2,2	4,2	-0,1	**3,0**
- Industria manufactureira	-3,7	-2,5	-6,3	-5,2	3,2	-1,2	**-1,0**
Construción	-3,3	-4,1	-3,8	-4,2	-4,5	-3,9	**-4,5**
Servizos	1,2	-0,9	0,3	-0,7	-1,6	-1,7	**-2,5**
- Comercio, transporte e hostalería	1,5	-2,4	-0,3	-1,8	-3,2	-4,2	**-5,4**
- Información e comunicacións	0,9	-2,8	-0,6	-2,3	-3,8	-4,4	**-5,6**
- Actividades financeiras e de seguros	0,8	1,0	3,5	2,0	-0,8	-0,7	**-5,5**
- Actividades inmobiliarias	1,1	0,9	1,5	1,1	0,2	0,7	**0,3**
- Actividades profesionais	1,7	-0,7	0,3	-1,2	-1,5	-0,4	**-1,3**
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	-0,9	0,6	-0,8	-1,4	-1,8	**-0,6**
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,9	2,4	-0,2	1,6	3,7	4,7	**4,8**
Impostos netos sobre os produtos	0,9	0,7	2,3	1,2	-0,3	-0,2	**-1,6**
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	**-0,1**	**-1,2**	**-1,0**	**-1,1**	**-0,9**	**-1,7**	**-1,7**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no primeiro trimestre deste ano un 4,1%, o que supuxo un descenso de 40.140 postos de traballo equivalentes nun ano.

Cadro 10

Emprego por ramas de actividade
Postos de traballo equivalentes a tempo completo
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

			2012				2013
	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-2,4	-4,5	-4,5	-3,5	-5,6	-4,5	**-7,4**
Industria	-4,4	-6,8	-6,5	-7,1	-6,8	-6,8	**-5,8**
- Industria manufactureira	-4,9	-7,3	-7,2	-7,6	-7,2	-7,1	**-5,8**
Construción	-11,7	-16,6	-16,3	-17,3	-16,6	-16,2	**-15,8**
Servizos	-0,8	-1,5	-0,9	-1,8	-1,6	-1,7	**-1,7**
- Comercio, transporte e hostalería	-1,6	-2,2	-0,9	-2,2	-2,5	-3,0	**-3,6**
- Información e comunicacións	-0,1	-1,6	-0,6	-1,3	-2,4	-2,0	**-0,6**
- Actividades financeiras e de seguros	-3,8	-1,8	1,3	-3,1	-0,6	-4,9	**-2,4**
- Actividades inmobiliarias	5,0	3,8	2,4	2,5	4,9	5,6	**3,4**
- Actividades profesionais	-1,1	-2,1	-1,8	-2,9	-2,0	-1,8	**-0,4**
- Administración pública, sanidade e educación	0,9	-1,9	-1,0	-2,0	-2,3	-2,1	**-1,7**
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,4	2,8	-0,2	1,9	4,4	4,9	**3,3**
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	**-2,7**	**-4,1**	**-3,7**	**-4,3**	**-4,2**	**-4,1**	**-4,1**

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade apréciase un descenso de todos os principais agregados; os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción, sector primario e nas ramas industriais. Con respecto aos descensos do trimestre precedente obsérvase unha leve mellora na industria e na construción, mantéñense as taxas dos servizos e incrementase o ritmo de descenso na agricultura, silvicultura, gandería e pesca.

As ramas agraria e pesqueira mostran un descenso interanual do 7,4% no primeiro trimestre do ano, 2,9 puntos por enriba do descenso do trimestre precedente.

O conxunto da industria rexistra unha caída do 5,8%, minorando un punto descenso do trimestre anterior, as industrias manufactureiras tamén reducen a súa caída, e rexistran un descenso do 5,8%. A construción acada o maior decrecemento de todas as ramas, un 15,8%, catro décimas inferior ao descenso interanual rexistrado no trimestre precedente.

Por último, os servizos manteñen o decrecemento do trimestre anterior, un 1,7%. O maior descenso dentro dos servizos correspóndelle ás actividades de comercio, transporte e hostalería (3,6%), seguida das financeiras e de seguros (2,4%) e da rama da administración pública, sanidade e educación onde se rexistra unha caída do 1,7%.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -4,0%. Este dato que supón unha diminución de 33.321 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 2,5%, igual que a variación rexistrada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no primeiro trimestre de 2013 un decrecemento interanual do 0,7%, 1,2 puntos porcentuais inferior ao descenso do trimestre precedente. Esta caída implica unha taxa do deflactor implícito do 1,0%, 1,2 puntos superior á taxa rexistrada no trimestre anterior.

Cadro 1

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

			2012				2013
Operacións	2011	2012	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	0,7	-1,4	-0,7	-1,2	-1,1	-2,4	**-1,6**
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,4	0,0	0,8	-0,1	-0,1	-0,5	**-0,3**
-Gasto en consumo final das AAPP	-1,5	-5,3	-5,0	-4,3	-3,7	-8,1	**-5,8**
Formación bruta de capital	-2,6	-4,1	-2,4	-4,6	-3,4	-5,9	**-6,4**
Demanda interna (en termos nacionais)(1)	0,0	-2,1	-1,1	-2,0	-1,6	-3,3	**-2,7**
Exportacións de bens e servizos	7,8	-2,5	-8,3	-5,1	6,7	-2,5	**2,1**
Importacións de bens e servizos	5,8	-3,9	-7,8	-6,1	3,6	-4,8	**-1,8**
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	**0,7**	**-1,1**	**-1,0**	**-1,2**	**-0,2**	**-1,9**	**-0,7**
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,9	2,1	3,2	3,2	3,3	-1,3	**-2,1**
Industria	-1,4	0,2	-5,7	-1,3	5,7	2,4	**4,8**
- Industria manufactureira	-1,6	-1,8	-5,7	-4,2	4,3	-1,1	**0,5**
Construción	-2,3	-5,8	-4,6	-5,6	-7,1	-5,9	**-9,7**
Servizos	2,1	-0,7	1,4	0,1	-0,7	-3,6	**-1,3**
- Comercio, transporte e hostalería	4,1	-0,2	1,9	-0,5	-1,1	-1,1	**-3,0**
- Información e comunicacións	0,0	-3,2	-1,8	-3,3	-3,2	-4,5	**-4,6**
- Actividades financeiras e de seguros	-4,7	6,4	10,2	13,7	1,7	0,7	**-4,0**
- Actividades inmobiliarias	5,2	2,4	3,1	2,7	2,2	1,7	**1,9**
- Actividades profesionais	2,9	-0,4	0,1	-1,5	0,0	-0,3	**-1,5**
- Administración pública, sanidade e educación	0,2	-4,8	-0,7	-2,7	-3,0	-12,6	**-1,7**
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,9	4,5	1,6	3,4	5,6	7,4	**8,7**
Impostos netos sobre os produtos	-2,7	-1,2	-6,1	-5,8	-0,3	7,7	**6,1**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

(1) A chega ao crecemento do PIB pm.

Estes datos do primeiro trimestre de 2013, ao igual que sucede coa economía do conxunto do Estado, testemuñan que o ritmo de decrecemento económico se minorou. En termos comparativos co conxunto de España, obsérvase un diferencial positivo favorable á economía galega dende mediados de 2012, os indicadores máis actualizados que chegan ata abril, maio ou xuño sinalan que o diferencial continúa, especialmente na produción industrial e no mercado traballo medido polas afiliacións ou polo paro rexistrado.

4. Escenario macroeconómico 2013 – 2016

O escenario macroeconómico prevé para Galicia unha senda similar á nacional para o que queda de 2013 e todo o 2014. Se nos retrotraemos ás gráficas 1 e 2 observamos, para España, unhas taxas de variación que acadan un valor non negativo no cuarto trimestre deste ano ou no primeiro de 2014. Ademais, o diferencial da economía galega coa española dende mediados de 2012 é positivo e os principais indicadores dos que dispoñemos de información sinalan que a situación se mantén estable no que vai de segundo trimestre.

As previsións para o crecemento da economía nacional para o ano 2013 sitúanse entre unha caída do 1% e unha do 1,7%. A media das estimacións do Goberno, do Banco de España e dos principais organismos internacionais sitúase no 1,5%. O gráfico 5 mostra as distintas previsións.

Gráfico 5



Fontes: Funcas e elaboración propia

Para o ano 2014 a previsión máis elevada estima un crecemento do 1% e a menor unha caída do 0,2%. A media do Goberno, do Banco de España e dos principais organismos internacionais cifra a previsión no 0,5%.

Gráfico 6



Fontes: Funcas e elaboración propia

As observacións anteriores son congruentes coa estimación de caída do produto galego do 1,2% para o ano 2013. A estimación de crecemento da economía española para este ano segundo o Goberno será dun -1,3, a Comisión, o FMI e a OCDE elevan esta caída ata o 1,5%, 1,6% e 1,7% respectivamente, a media das previsións sitúase nun descenso do 1,5%, o diferencial entre Galicia e o conxunto do estado estaría entre unha décima e cinco décimas dependendo da previsión utilizada.

A previsión para o ano 2014 é máis incerta e sitúase no 0,6%, similar ao crecemento esperado para a economía nacional que está entre o 0,0% do FMI (previsión máis recente, de xullo) e o 0,9% da Comisión Europea. Este crecemento positivo é consecuencia dunha mellora da demanda interna que resta seis décimas ao crecemento do PIB, moi inferior á achega negativa do ano anterior.

Cadro 12

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2012	2013	2014	2015	2016
Gasto en consumo final	-2,4	2.8	-0.6	-0.2	0.1
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,2	2.3	0.1	0.7	1.1
- Gasto en consumo final das AAPP	-3,2	4.2	-2.8	-3.0	3.0
Formación bruta de capital	-5,0	5.4	-0.5	2.5	4.5
Achega demanda interna[1]	-3,1	3.4	-0.6	0.3	1.0
Exportación de bens e servicios	-5,0	2.1	3.5	4.4	5.2
Importación de bens e servicios	-8,0	2.1	1.1	2.6	4.0
Produto interior bruto (PIB)	-1,2	1.2	0.6	1.2	1.6
Produto interior bruto nominal	-1,1	0.1	2.0	2.7	3.1
Emprego. PTETC	-4,1	-3.2	-0.5	0.6	1.0
Taxa de paro[2]	20,7	22.4	22.2	21.2	20.0

[1] Contribución en puntos porcentuais

[2] % da poboación activa

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para os anos 2013 e 2014 que configuran o descenso do 1,2% e un crecemento do 0,6% respectivamente.

Ano 2013

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro caerá un 2,3%, o principal factor que está detrás desta proxección é a continuación do deterioro do mercado de traballo que, xunto coa menor taxa de aforro dos fogares e a dificultade de acceso ao financiamento, diminuirá a renda dispoñible no seu conxunto. En 2012 o emprego segundo a EPA e a afiliación caeu un 4,0%. A tendencia segundo a última fonte ao longo do ano 2012 foi de redución do descenso dende mediados de ano; en xuño de 2013 o descenso é do 3,1% (3,6% no que levamos de ano), polo tanto en 2013 producirase unha caída menor do emprego que en 2012. Se a isto lle engadimos que os salarios rexistran taxas de crecemento cun perfil descendente, a resultante é unha caída da renda dispoñible e, polo tanto, un decrecemento do gasto con respecto ao ano anterior, e cunha taxa levemente máis negativa.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas caerá un 4,2%. As restricións do gasto para cumprir os obxectivos de déficit limitarán o crecemento desta variable. Neste apartado, o descenso do consumo público debería ser inferior ao que se rexistrará

no conxunto do Estado debido a que noutras comunidades os axustes deberán ser moi superiores aos da nosa comunidade.

3. A formación bruta de capital caerá un 5,4% en 2013 o que supón aumentar en catro décimas o descenso do ano anterior. A maior caída viría explicada porque o apartado que presentará unha elevación, a inversión en bens de equipo, non compensará suficientemente o descenso da inversión pública, que descenderá debido á consolidación fiscal, e da edificación residencial que continuará con descensos superiores aos do ano anterior.

4. A demanda externa neta achegará 2,2 puntos ao crecemento do PIB, tres décimas máis que o aportado por este agregado en 2012. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 2,1% e dun descenso das importacións dun 2,1%, moi inferior á caída do ano anterior. A recuperación da economía mundial, especialmente no segundo semestre do ano, exercerá un impulso positivo nas exportacións; en cambio, a caída da demanda interna española exercerá un efecto negativo sobre as exportacións ao resto das comunidades autónomas. Polo que respecta ás importacións, o descenso da demanda interna e da actividade económica da nosa comunidade lastrarán este compoñente do PIB.

5. Por último, a taxa de paro situarase no 22,4%, 1,7 puntos por enriba da taxa de 2012 e 4,7 puntos por debaixo do esperado para España segundo o Goberno, mellorando deste xeito o diferencial de 2012 en tres décimas. Un descenso da ocupación do 3,2 puntos e un crecemento do número de parados no entorno dos 7,3 puntos porcentuais, de xeito que diminúa a poboación activa (1,0% de descenso), levaríanos a esta taxa.

Ano 2014

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá un 0,1%, primeira taxa positiva dende o ano 2008.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas caerá un 2,8% como consecuencia de que se continuarán aplicando medidas de consolidación fiscal.

3. A formación bruta de capital diminuirá un 0,5% en 2014, descenso moi inferior aos dos anos precedentes. O mínimo que se está a producir nos momentos actuais na edificación residencial permitirá que en 2014 este subsector non lastre o conxunto da inversión.

4. A demanda externa neta achegará 1,2 puntos ao crecemento do PIB, un punto por debaixo do achegado por este agregado en 2013. O incremento das exportacións será superior ao de 2013, un 3,5%, resultado dunha recuperación do comercio internacional e da mellora da demanda no resto de España. A pesar deste maior crecemento das exportacións, a achega exterior neta será menor que en 2013 debido a un maior

crecemento das importacións, un 1,1%; que se colixe dunha recuperación da demanda interna e da actividade.

5. A taxa de paro situarase no 22,2%, dúas décimas por debaixo da taxa do ano anterior e 4,5 puntos por debaixo do esperado para España segundo o Goberno, empeorando lixeiramente o diferencial de 2013. Un descenso da ocupación e da actividade no entorno de medio punto producirá un decrecemento do número de parados e da taxa de paro.

5. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega en 2013 utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, que seguindo á Comisión Europea[3], introduce un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés cyclically-adjusted budget balance (CAB)).

A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da brecha de produción (output gap (OG)) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da brecha de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a brecha do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG\frac{B}{Y}$$

onde OG é o Output Gap, B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dun orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con brecha de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza alcanza valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do presuposto

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante. Este consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. O compoñente dos ingresos axustado ciclicamente é practicamente nulo se se utilizan as semi-elasticiades e o de gastos rolda o 50%.

Os datos que aparecen no cadro 13 (sacada do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

[3] Este cambio recóllese no documento http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf

Cadro 13

Compoñente cíclico en % do PIB											
Compoñente cíclico dos ingresos											
	Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza		
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
0.8	-1.8	-1.6	-1.7	0.0	0.0	0.0	0.0	-0.8	1.8	1.6	1.8
Compoñente cíclico dos gastos											
	Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza		
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
-0.1	0.2	0.2	0.2	-0.9	2.1	1.8	2.0	-0.8	-1.8	1.6	1.8

O compoñente cíclico dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se sutilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derívanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade, son as seguintes:

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \frac{d\left({}^{B}/_{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \frac{d\left({}^{R}/_{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} - \frac{d\left({}^{G}/_{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}}$$

$$= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y}$$

$$= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \quad (2)$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro Ɛ (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$Semi - elasticidade_R = \varepsilon_R = \frac{d(R/_Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d\left(\sum R_i/_Y\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(R_i/_Y\right)}{\frac{dY}{Y}}$$

$$= \sum \frac{d\left(R_i/_Y\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{\frac{dR_i}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R_i}{\frac{Y^2}{Y}}$$

$$= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1)\frac{R_i}{Y} \quad (3)$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1)\frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1)\frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y}$$

$$= \left(\sum_{i=1}^{5} \eta_{R,i}\frac{R_i}{R} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U}\frac{G_U}{G} - 1\right)\frac{G}{Y} \quad (5)$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) e a expresión (5) son equivalentes sempre que na primeira se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos, para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidad. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade) polos que habería que multiplicar o output gap nacional para elaborar el saldo cíclico de cada comunidade utilizamos os datos de execución orzamentaria[4] de 2011 y 2012 (tódolos capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidad regional de España[5] para eses anos. Ademais tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada una das partidas, esta elasticidade está tomada en xeral dos estudios da Comisión Europea ao respecto e preséntase no cadro seguinte:

Cadro 14

Elasticidades por partidas

Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,92
Imposto de Sociedades	1,15
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,68
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Gasto de desemprego	-3,30
Resto de gastos	0,00
Trasnferencias correntes	
Fondo de suficiencia global	1,47
Fondo de garantía	1,47
Fondos de convexencia	1,47

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \sum(\eta_{R_i} - 1)\frac{R_i}{Y} - \sum(\eta_{G_i} - 1)\frac{G_i}{Y}$$

Onde ε es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{Ri} y η_{Gi} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

[4] https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx
[5] http://www.ine.es/daco/daco42/cre00/b2008/dacocre_base2008.htm

$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB}\right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB}\right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de ε (semi-elasticidade) e δ (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguintes gráficos. O primeiro gráfico recolle a sensibilidade e semi-elasticidade total e os gráficos 8 y 9 a parte dos ingresos e dos gastos. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra, o total das comunidades calculase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.

Gráfico 7



O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de tódalas comunidades comparado coa sensibilidade, en media, un 2,8% do ouptut gap. Se utilizamos a sensibilidade

cíclica, o parámetro toma un valor do 13,8% en media, se utilizamos la semi-elasticidade o valor é do 16,6%. En Galicia estes datos son o 15,9% e 17,1% respectivamente.

Gráfico 8



O gráfico 8 mostra como o novo método de cálculo reduce a compoñente cíclica dos ingresos. No gráfico seguinte (gráfico 9) rexistramos o efecto que se produce na parte dos gastos.

Gráfico 9



A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo la fórmula (4), η_{Gi} es igual a cero para tódalas partidas i, e por tanto a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Tódolos cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.

Este parámetro da semi-elasticidade habería que multiplicalo polo Output Gap para obter a descomposición do saldo orzamentario en saldo cíclico e saldo estrutural. No seguinte apartado calcúlase este Output Gap para Galicia e compárase co proposto polo Ministerio que consiste na utilización do nacional para todas as comunidades.

6. Avaliación da posición cíclica da economía galega.

Para a análise da posición cíclica da economía compre estimar o produto potencial e a brecha entre a produción efectiva e a potencial (output gap). Para España o Ministerio de Economía y Competitividad segue a metodoloxía da función de produción utilizada pola Comisión Europea e acordada no seo do grupo de traballo do Output Gap para a elaboración dos programas de estabilidade, con algunha modificación como o uso das proxeccións a curto prazo do INE en lugar das de EUROSTAT e o contraste do cálculo oficial do crecemento potencial cunha variante metodolóxica que consiste na utilización dunha especificación forward-looking da curva de Phillips para calcular a NAWRU, fronte ao actual modelo backward-looking de expectativas estáticas.

O traballo para realizar unha estimación semellante para Galicia non está rematado, por iso seguimos un procedemento alternativo que consiste na utilización de dous procedementos máis sinxelos tanto para Galicia como para España, comparar os resultados e, se son semellantes, utilizar os datos do Ministerio como válidos para a nosa economía.

Os procedementos son os seguintes, por unha parte, un procedemento estatístico que consiste en obter o PIB potencial a partir o filtro de Hodrick e Prescott (HP), que descompón o crecemento dunha serie nun compoñente tendencial e outro cíclico. Chamaremos a este método PIB tendencial. Por outra parte utilizamos unha función de produción tipo Cobb-Douglas con rendementos de escala constantes que se especifica como segue:

$$Y = PTF \times T^{0.35} \times K^{0.65}$$

Onde Y é o produto, PFT a produtividade total dos factores, T é o emprego e K é o stock de capital. Para estimar o PIB potencial con este método, realizamos o seguinte procedemento, empregamos esta función de produción para estimar a produtividade total dos factores como o residuo de Solow; a continuación utilizamos o filtro de Hodrick e Prescott para obter a tendencia desta produtividade e do emprego; con estas dúas series e o stock de capital obtemos unha estimación do PIB potencial. Chamaremos ao PIB potencial obtido por este método PIB tendencial por compoñentes.

O escenario de crecemento para 2013 a 2016 para Galicia é o proposto no cadro 12, o español é o que figura no informe da situación da economía española. Para os anos 2017 e 2018 proponse un crecemento igual ao do ano 2016.

En primeiro lugar utilizamos o filtro HP con parámetro λ=100 e λ=10 para Galicia e para España, o parámetro λ serve para controlar o grao de suavidade da tendencia, canto maior é o valor máis suave é a tendencia. Obtemos así dúas variantes do PIB tendencial.

En segundo lugar calculamos unha estimación do PIB potencial utilizando o filtro HP con λ=100 para as compoñentes da función de produción descrita anteriormente para Galicia e para España, esta estimación do PIB potencial será o PIB tendencial por compoñentes.

Ao aplicar estes dous métodos para o período que abarca dende 1980 a 2018 obtemos os resultados que se mostran na táboa seguinte:

Cadro 15

PIB a prezos constantes observado, tendencial e output gap	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia								
PIB tendencial (λ=10). TVA (%)	-0,5	-0,5	-0,3	0,1	0,6	0,9	1,2	1,2
PIB tendencial (λ=100). TVA (%)	0,4	0,3	0,2	0,3	0,3	0,4	0,4	0,4
PIB tendencial por compoñentes. TVA (%)	0,2	0,1	0,0	0,0	0,1	0,2	0,3	0,3
PIB observado. TVA (%)	-0,1	-1,2	-1,2	0,6	1,2	1,6	1,6	1,6
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=10)	0,0	-0,6	-1,6	-1,3	-0,6	0,1	0,5	0,8
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=100)	-0,1	-1,7	-3,1	-2,9	-2,0	-0,7	0,5	1,6
Output Gap (% do PIB tendencial por compoñentes)	-1,1	-2,1	-3,3	-2,8	-1,7	-0,3	1,0	2,3
España								
PIB tendencial (λ=10). TVA (%)	-0,7	-0,6	-0,4	0,0	0,5	0,8	1,0	1,1
PIB tendencial (λ=100). TVA (%)	0,3	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2
PIB tendencial por compoñentes. TVA (%)	0,1	-0,2	-0,3	-0,2	-0,1	0,1	0,2	0,3
PIB observado. TVA (%)	0,4	-1,4	-1,3	0,5	1,0	1,4	1,5	1,5
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=10)	0,2	-0,6	-1,5	-1,0	-0,5	0,0	0,5	0,8
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=100)	-0,3	-1,9	-3,3	-2,8	-2,0	-0,8	0,5	1,7
Output Gap (% do PIB tendencial por compoñentes)	-1,0	-2,3	-3,3	-2,6	-1,5	-0,2	1,1	2,3

Fonte: Elaboración propia

Estes datos indican que o crecemento PIB tendencial acadará un valor no entorno do 1% nos anos finais (2016, 2017 e 2018) se utilizamos λ=10. Se empregamos λ=100 ou o PIB tendencial por compoñentes o crecemento será menor e roldará o medio punto nos últimos anos. A posición cíclica da nosa economía medida polo output gap como tanto por cento do PIB tendencial ou tendencial por compoñentes móstranos que o mínimo cíclico se acadará este ano, e que nos seguintes anos a brecha de produción diminúe gradualmente, en 2017 o PIB observado superaría lixeiramente o nivel do PIB tendencial.

Comparando en España, a brecha de produción medida deste xeito mostra un diferencial moi pequeno entre a nosa comunidade e o conxunto nacional; asignando ao parámetro λ o valor 10, o output gap é máis negativo en Galicia en 2013, 2014 e 2015 e igual en 2017 e 2018. Con λ tomando o valor 100 o ouptut gap é menos negativo en Galicia, a brecha da produción estimada coa tendencia dos compoñentes da función de produción é similar á do filtro HP con λ=100. As diferenzas máximas son de dúas décimas. No gráfico 10 móstranse o output gap para España e Galicia cos distintos métodos.

Gráfico 10



O output gap utilizado a nivel nacional para o cálculo da posición cíclica da economía española é superior ao estimado co filtro HP e coas tendencias dos compoñentes da función de produción.. O cadro 16 e o gráfico 11 mostran o output gap nacional estimado polo Ministerio de Economía y Competitividad seguindo a metodoloxía da Comisión (backward-looking) e a alternativa metodolóxica proposta por Ministerio (forward-looking) e o estimado polo filtro HP aplicado ao PIB e ás compoñentes da función de produción proposta nos primeiros parágrafos deste apartado. Os distintos métodos marcan o mínimo en 2013 e unha recuperación nos seguintes anos.

Cadro 16

España. Output gap (% PIB)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=10)	0,2	-0,6	-1,5	-1,0	-0,5	0,0	0,5	0,8
Output Gap (% do PIB tendencial, λ=100)	-0,3	-1,9	-3,3	-2,8	-2,0	-0,8	0,5	1,7
Output Gap (% do PIB tendencial por compoñentes)	-1,0	-2,3	-3,3	-2,6	-1,5	-0,2	1,1	2,3
Output Gap España (función producción[1])	-6,3	-7,7	-8,6	-7,8	-6,6	-5,1		
Output Gap España (función producción[2])	-5,1	-6,0	-6,5	-5,2	-3,6	-1,7		

[1] NAWRU calculada con Curva de Phillips forward-looking

[2] NAWRU calculada con Curva de Phillips backward-looking

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad e elaboración propia

Gráfico 11



A partir dos resultados anteriores podemos inferir que o output gap galego é similar ao nacional e que podemos empregar por tanto o estimado polo Ministerio de Economía y Competitividad mediante a función de produción proposta pola Comisión Europea e a alternativa do Ministerio para calcular o saldo orzamentario axustado ciclicamente.

Deste xeito, a nivel nacional o output gap para 2013 estimado polo Ministerio sitúase no -8,6%, utilizando unha nawru calculada cunha curva de Phillips forward-looking ou no -6,5% empregando unha curva de Phillips backward-looking. O output gap para España estimado pola Comisión Europea nas previsións de primavera sitúase no -4,6% e, por último, o FMI eleva a brecha de produción ata o -5,4% nas súas previsións de abril.

Utilizando as distintas estimacións da brecha de produción calculamos o saldo orzamentario cíclico multiplicando estas polo parámetro ε, a semi-elasticidade. Os resultados son os que se mostran no cadro 17. Segundo este cadro, o saldo orzamentario cíclico para o ano 2013 oscila entre o -0,8% do PIB e o -1,5%, o valor máis negativo rexístrase ao utilizar o output gap nacional obtido coa función de produción que calcula a nawru cunha curva de Phillips forward-looking e o menos neativo obtense se recorremos á brecha de produción proposta pola Comisión Europea.

Cadro 17

Saldo orzamentario cícliclo (% do PIB)	2013	2014
Galicia		
Usando Output Gap España (función producción[1])	-1,5	-1,4
Usando Output Gap España (función producción[2])	-1,2	-0,9
Usando Output Gap España da Comisión	-0,8	-0,4
Usando Output Gap España do FMI	-1,0	-0,7
España		
Usando Output Gap España (función producción[1])	-4,1	-3,7
Usando Output Gap España (función producción[2])	-3,1	-2,5
Usando Output Gap España da Comisión	-4,4	-2,2
Usando Output Gap España do FMI	-5,1	-4,0

[1] NAWRU calculada con Curva de Phillips forw ard-looking

[2] NAWRU calculada con Curva de Phillips backw ard-looking

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad e elaboración propia

A obtención do PIB potencial permítenos obter a taxa de referencia da economía galega que limitará o crecemento do gasto, esta medida en termos reais calcúlase como o crecemento medio do PIB potencial nun período de 10 anos, os cinco previos ao ano para o que se calcula a taxa e os catro seguintes. A esta taxa haberá que sumarlle unha estimación do deflactor do PIB para obter a taxa de referencia en termos nominais, o deflactor para cada un dos 10 anos que se promedian será o menor valor entre o crecemento real do deflactor e o 2%. No cadro 18 presentamos esta taxa de referencia para 2012, 2013 e 2014 utilizando os métodos anteriores para o cálculo do PIB potencial. A taxa de referencia en termos nominais sitúase no entorno do 1,5% para 2013 e 2014 debido a un crecemento real inferior ao medio punto e un crecemento do deflactor superior a un punto porcentual.

As taxas de referencia en termos nominais para a economía española en 2013 son 1,3% ou 1,7% dependendo do tipo de función de produción. En 2014 estas taxas sitúanse no 1,1% ou no 1,5%

Cadro 18

Taxa de referencia da economía galega	2012	2013	2014
En termos reais			
PIB tendencial (l=10). TVA (%)	0,3	0,2	0,2
PIB tendencial (l=100). TVA (%)	0,7	0,5	0,4
PIB tendencial por compoñentes. TVA (%)	0,1	0,1	0,2
Deflactor	1,2	1,2	1,1
En termos nominais			
PIB tendencial (l=10). TVA (%)	1,6	1,4	1,3
PIB tendencial (l=100). TVA (%)	1,9	1,7	1,5
PIB tendencial por compoñentes. TVA (%)	1,3	1,3	1,3

Fonte: Elaboración propia

7. Avaliación da posición cíclica para as Comunidades Autónomas

A experiencia empírica dispoñible pon de manifesto a existencia dun elevado grado de sincronía entre o crecemento tendencial de todas as comunidades autónomas, especialmente nos últimos anos. Nos seguintes gráficos (12 e 13) represéntase a taxa anual do PIB potencial a prezos constantes de todas as comunidades obtido mediante o filtro HP con λ=100. No gráfico 12 obtense o PIB tendencial para cada Comunidade supoñendo uns crecementos iguales aos do conxunto nacional para o período que vai de 2013 a 2018. Estes crecementos son os que se obteñen do cadro macroeconómico nacional (cadro 6) para os anos que van de 2013 a 2016, en 2017 e 2018 mantemos constante o crecemento de 2016. No gráfico 13 o PIB tendencial obtense con datos reais ata 2012, sen engadir ningunha predición.

Nestes gráficos podemos observar a sincronía entre os crecementos tendenciais de todas as comunidades e a maior coincidencia no tramo final da mostra; a concordancia nos últimos anos é maior se utilizamos predicións debido a que estas predicións son comúns para todas as series.

Gráfico 12



Fonte: elaboración propia

Gráfico 13



Fonte: elaboración propia

A pesar desta sintonía na tendencia, as diverxencias rexionais nos crecementos observados do PIB, motivan que a brecha da produción (output gap) medido como porcentaxe do PIB potencial, indicador do ciclo económico rexional, non sexa o mesmo para todas as comunidades. Nos gráficos da páxina seguinte presentamos o output gap para os anos 2010 a 2015 de todas as comunidades, as series do PIB utilizadas arrancan en 1980 e terminan en 2018 coas predicións mencionadas anteriormente. As diverxencias son menos acusadas nos últimos anos representados debido ao uso de previsións comúns para todas as comunidades.

No caso da nosa comunidade observamos que o output gap non difire moito do nacional o que validaría o uso deste último para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo.

Gráfico 14

Output gap (% del PIB tendencial) Constantes



8. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL

Partindo da análise de conxuntura e das previsións macroeconómicas a medio prazo, calcúlase unha envolvente financeira plurianual que comprende unha previsión da evolución das principais masas financeiras da comunidade autónoma coherente coa senda de consolidación fiscal aprobada polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

As dispoñibilidades financeiras que determinan o límite de gasto dependen de tres factores.-

i. a evolución dos ingresos non financeiros

ii. o obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superavit)

iii. e os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria, ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.

i. Evolución dos ingresos non financeiros

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada en maior medida polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (en torno a un 71% dos ingresos totais).

  As entregas a conta do sistema de financiamento comunicadas para 2014 redúcense respecto ás fixadas para o presente exercicio en 127,6 millóns de euros. Esta diminución responde á negativa evolución do IRPF por mor das altas taxas de desemprego, esta baixa non se ve compensada pola positiva evolución do IVE e dos impostos especiais. Porén, prodúcese un axuste no fondo de suficiencia como consecuencia da súa regularización polo incremento dos tipos impositivos en IIEE que aproveita á AXE en virtude das regras de funcionamento do sistema de financiamento autonómico.

  A liquidación a incluír no 2014 (correspondente aos pagos do sistema de financiamento no 2012), supón 257,8 millóns de euros á que se debe engadir o axuste derivado do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-205,9 millóns de euros). Non obstante a previsión de liquidación dos pagos a conta do sistema de financiamento do exercicio 2012, a recibir no 2014, redúcese respecto á do ano anterior en 43,3 millóns de euros pola caída da recadación tributaria da AXE, que afecta á evolución do Indice de Ingresos Tributarios (ITE) estatais, variable que condiciona a evolución do fondo de suficiencia e do fondo de garantía se servizos públicos fundamentais.

- As transferencias finalistas de outras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, suporán en torno a un 11% dos ingresos totais. Os ingresos finalistas da Administración Xeral do Estado mostran unha continuada tendencia descendente, polas baixas dos fondos finalistas nos estados de gasto e do Fondo de Compensación Interterritorial, vencellado a unha porcentaxe do gasto da obra nova que aparece nos orzamentos xerais do Estado.

  O novo marco estratéxico comunitario 2014-2020, implicará a elaboración de programas operativos rexionais para os fondos estruturais (FEDER, FSE, FEADER e FEMP), aos que haberá que engadir os fondos dedicados á cooperación. O marco financeiro da nova programación está sendo obxecto de discusión e aprobación no Parlamento Europeo, espérase que a finais de outubro se podan concretar as magnitudes financeiras de cada fondo. Polo que atinxe a Galicia, a nosa comunidade autónoma atópase recollida entre as rexións cubertas pola "rede de seguridade" ao pasar de ser estar cualificada como rexión menos desenvolvida por superar o 90% da renda per cápita da Europa dos 27 no intre fixado para a súa medición. Isto implica unha garantía de financiamento do 60% dos fondos do anterior período e a non percepción do fondo de cohesión. Esta evolución fará perder dous puntos porcentuais das cesta dos ingresos da comunidade autónoma aos ingresos procedentes doutras administracións a partires do 2014.

- Resto de recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais (que supón unha magnitude estable de preto do 10%). A súa evolución estable con tendencia á baixa é debida á negativa evolución, que se evidencia nunhas cifras de venda de inmobles tanto usados (ITP-AJD) como novos (AJD). O exceso de stock do parque de vivendas autonómico tamén afecta de xeito decisivo aos novos visados. Para pechar o círculo a baixa demanda afecta ao valor dos activos inmobiliarios baixando as bases impoñibles tanto do ITP-AJD como do Imposto de sucesións e doazóns.

  A evolución estimada dos recursos non financeiros sería a seguinte:

millóns de euros

		límite gasto			
	liquidación 2012	2013	2014	2015	2016
recursos sistema de financiamento	6.080	6.194	6.023	6.135	6.338
fondos finalistas doutras administracións	1.044	913	918	736	751
outros recursos non financeiros	881	835	839	756	767
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	8.005	7.942	7.780	7.628	7.856
var %		-0,8%	-2,0%	-2,0%	3,0%

Tal e como establece o artigo 12.2 da lei 2/2011, do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, o límite de gasto axustarase na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da administración xeral do Estado.

A diferenza entre os recursos non financeiros do límite de gasto de 2013 e a prevista para 2014, mostra unha baixa do 2%, causada polo impacto da recesión económica nos tributos que se ingresan como pagos a conta do sistema de financiamento e aos cedidos e propios da comunidade autónoma (vencellados ao mercado da vivenda de xeito importante como se ten indicado). Pódese tamén apreciar un lixeiro axuste no financiamento vía fondos finalistas do Estado.

Compre destacar o esforzo que está a realizar a administración autonómica para conter o importe dos prezos e taxas que percibe pola prestación dos seus servizos no peor momento da crise, que supón mermas recadatorias de máis de 20 millóns de euros.

De cara a garantir un nivel suficiente de ingresos propios se está a deseñar un novo plan especial de xestión e inspección tributaria pola ATRIGA que houbera de achegar entre 40 e 50 millóns de euros de recadación adicional. Do mesmo xeito estanse a analizar as posibilidades de xeración de ingresos adicionais nos diferentes tributos sobre os que a comunidade autónoma ten capacidade normativa, no caso de que os ingresos continúen a súa tendencia á baixa.

ii. obxectivo de déficit

Como ven de describir o informe de conxuntura, durante o segundo trimestre de 2013 a situación económica comezará a dar síntomas de estabilización-recuperación, para comezar a crecer dende o inicio de 2014. Para apuntalar esta volta ao crecemento e acadar a xeración de emprego resulta imprescindible garantir o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e alonxar calquera dúbida sobre a evolución da débeda pública soberana, este punto de partida debe complementarse no eido financeiro coa superación dos atrancos que afectan ao funcionamento do sector financeiro, todo isto debe permitir o acceso ao financiamento dos investidores.

A aplicación efectiva de políticas de desregularización e fomento da competencia deben colaborar a xerar nichos de emprego, eliminar rixideces nos mercados e nos prezos e favorecer máis demanda de investimento.

Este aumento da demanda agregada pola vía do investimento debe complementarse coa consolidación das ganancias en competitividade e

internacionalización da nosa produción e aumentando o gasto público e privado das economías da zona euro con capacidade para elo.

Dentro de esta senda, o esforzo continuo de consolidación das finanzas autonómicas implicará menores axustes nos vindeiros exercicios o que beneficiará á evolución do consumo público e ao comportamento do PIB en definitiva, tal e como indica a descomposición do cadro macro na primeira parte do informe.

> O pasado 10 de abril, a Comisión Europea publicou os resultados do seu exame polo miudo de España ao abeiro do artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1176/2011. A análise da Comisión conclúe que España sofre desequilibrios macroeconómicos excesivos. En especial, os elevados niveis de débeda interna e externa seguen a por en perigo o crecemento e a estabilidade financeira; o sector bancario está sometido a un proceso de recapitalización e reestructuración, que abrangue a inxección de diñeiro público; as rixideces dos mercados de produtos e de traballo contribuen ao elevado nivel de desemprego, e, dun xeito máis xeral, dificultan o axuste da economía. O informe da Comisión conclúe que malia que estean a levarse a cabo, a magnitude das correccións precisa dunha decidida actuación de política pública nos mercados de productos e servizos, o mercado de traballo, o sector financeiro e a facenda pública.

Do éxito na aplicación das anteriores políticas dependerá unha futura recuperación sostible e creadora de emprego ou a continuación da evolución en W de nosa economía.

Esta recuperación económica e do emprego resulta vital para a xeración de ingresos por parte da facenda autonómica, que debe consolidarse con políticas de loita contra a fraude fiscal e de aumento da eficiencia na xestión tributaria tanto a nivel autonómico como estatal, ata acadar un achegamento da ratio ingreso fiscal/PIB á media europea.

Galicia, malia ter que facer fronte ao pagamento das liquidacións negativas do sistema de financiamento, cumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria o pasado exercicio, sendo das comunidades autónomas que presentaron un mellor desempeño fiscal o pasado ano, este cumprimento non é un fin en si mesmo senón un medio para garantir a sostibilidade dos servizos públicos, o pagamento e o mantemento dun stock de débeda asumible e o inicio da recuperación da economía e do emprego sobre bases sólidas.

Para gañar a credibilidade nos mercados financeiros e facilitar o acceso ao financiamento a un prezo razoable, compre seguir aplicando políticas de

consolidación fiscal. O impulso de novas reformas estruturais reforzará o inicio dunha senda de crecemento económico estable e xeradora de emprego.

Tan importante como o establecemento destas actuacións é o seu desenvolvemento a medio prazo e dun modo verosímil (velaí o plan de racionalización da administración autonómica). Todo isto implica trocos nunha ampla variedade de políticas con obxectivos claros en termos de datas de posta en marcha e consecuencias sobre o crecemento cifradas dentro dun marco macroeconómico realista, coherente e plurianual.

Esta disciplina fiscal fixo posible a apertura duns mercados financeiros pechados e a revisión da senda de consolidación fiscal de xeito que se posibilitou un ritmo de axuste menos esixente, mentres se supera a saída da recesión.

Froito desta situación, primeiro artellouse un obxectivo máis realista para o presente 2013, que supuxo pasar dun obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas do -0,7% do PIB ata o -1,3%. Os obxectivos de estabilidade orzamentaria nos pasados orzamentos en % do PIB para as diferentes administracións públicas, eran os seguintes .-

	2011	**2012**	**2013**	**2014**	**2015**
Administración central	**-5,13**	**-4,11**	-3,8	-2,7	-2,1
Comunidades Autónomas	**-3,31**	**-1,76**	-0,7	-0,1	0,2
Corporaciones Locales	**-0,45**	**-0,15**	0	0	0
Seguridade Social	**-0,07**	**-0,97**	0	0	0
TOTAL	**-8,96**	**-6,99**	**-4,5**	**-2,8**	**-1,9**

Logo da aprobación do plan de estabilidade do Reino de España son os seguintes.-

	2011	**2012**	**2013**	**2014**	**2015**	**2016**
Administración central	**-5,13**	**-4,11**	-3,8	-3,7	-2,9	-2,1
Comunidades Autónomas	**-3,31**	**-1,76**	-1,3	-1	-0,7	-0,2
Corporaciones Locales	**-0,45**	**-0,15**	0	0	0	0
Seguridade Social	**-0,07**	**-0,97**	-1,4	-1,1	-0,6	-0,5
TOTAL	**-8,96**	**-6,99**	**-6,5**	**-5,8**	**-4,2**	**-2,8**

Esta revisión axudará a acadar o cumprimento do obxectivo de estabilidade no 2013 sen axustes adicionais, dada a febleza dos ingresos tributarios e determinados gastos extraordinarios agravados pola crise (evolución da Risga e da farmacia hospitalaria, avais en risco de execución...).



Malia que os diferentes niveis de administración viñan tomando medidas de cara a garantir o cumprimento dos obxectivos fixados, o deterioro da conxuntura económica na área euro, fixo dificilmente soportables os axustes precisos para reducir unha parte tan substancial do déficit público nun horizonte de tempo relativamente curto.

Tales circunstancias e a credibilidade gañada polo bo desempeño fiscal no 2012, levaron á Comisión Europea a aconsellar flexibilizar a senda de eliminación deste déficit excesivo.

Por elo no último ECOFIN, os ministros de economía da UE deciden conceder a España unha prórroga ata 2016 para corrixir o seu déficit excesivo e situalo baixo o 3% do PIB.

Máis discutible resulta o reparto da nova senda de consolidación fiscal entre os diferentes niveis de administración[6], malia que se algunha lección se debeu aprender nos últimos catro exercicios é que una situación de desequilibrio estrutural non se pode arranxar co recurso recorrente á débeda, era de esperar unha relaxación dos ambiciosos obxectivos presentados no antedito Programa de estabilidade e crecemento 2013-2015 que facilitaran unha "aterraxe suave", especialmente no caso da nosa comunidade autónoma que partía cos deberes feitos no que atinxe a obxectivo de estabilidade.

[6] Segundo a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, ao atoparnos no período transitorio que media ate o exercicio 2020, resulta de aplicación a disposición transitoria primeira da devandita lei, que establece que o déficit estrutural do conxunto das administracións públicas reducirase, a lo menos no 0,8% do PIB nacional en promedio anual. Esta redución distribuirase entre o Estado e as CCAA en función das porcentaxes de déficit estrutural que rexistraran o 1 de xaneiro de 2013 e no caso de procedemento de déficit excesivo, a redución do déficit afarase ao esixido no mesmo.

Nembargantes varias circunstancias fixeron inviable o mantemento dos pesos no obxectivo de estabilidade dos diferentes niveis de administración pública, deste xeito o déficit adicional para 2013 (2%) repártese entre a seguridade social (1,4%) e as comunidades autónomas (0,6%). Estas circunstancias foron as seguintes.-

- O cadro de obxectivos de estabilidade para o período 2013-2015 amosouse pouco consistente xa dende principios de exercicio, (con estimacións de equilibrio para a seguridade social, cando ten que soportar as taxas de desemprego máis altas da súa historia e facer fronte ao pago das pensións que obedece a unha dinámica demográfica de sesgo deficitario que a levou a recorrer ao fondo de reserva nos dous últimos anos).

- Un cadro macroeconómico dos PXE certamente optimista (Vid memoria económico financeira dos orzamentos da comunidade autónoma para 2013).

- E un empeoramento da situación macro no primeiro trimestre do ano.

O devandito obxectivo foi obxecto de informe favorable do Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno de 27 de xuño de 2012, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

No pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o 30 de xullo de 2013, acordouse repartir o obxectivo de déficit do sector público autonómico de xeito diferenciado dada a situación crítica dalgunhas comunidades autónomas, atendendo á necesidade de financiamento do pasado exercicio e aos esforzos de consolidación realizados ata o momento polas diferentes CC.AA.

A concreción do referido obxectivo respecto das diferentes comunidades autónomas públicas é a que se indica de seguido:

OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA INDIVIDUAL PARA O PERIODO 2013-2014 (en % do PIB rexional).-

[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]
CASTELA E LEON	1,42	1,27	0,15	1	0,27
ILLAS BALEARES	1,8	1,47	0,33	1	0,47
CASTELA-A MANCHA	1,56	1,3	0,26	1	0,3
ARAGON	1,44	1,3	0,14	1	0,3
CANTABRIA	1,13	1,13	0	1	0,13
A RIOXA	1,06	1,06	0	1	0,06
MADRID	1,07	1,07	0	1	0,07
MURCIA	3,12	1,59	1,53	1	0,59
VALENCIA	3,52	1,6	1,92	1	0,6
EXTREMADURA	0,7	1	-0,3	1	0
ANDALUCIA	2,04	1,58	0,46	1	0,58
ASTURIAS	1,06	1,06	0	1	0,06
CANARIAS	1,29	1,2	0,09	1	0,2
CATALUÑA	1,96	1,58	0,38	1	0,58
NAVARRA	1,35	1,2	0,15	1	0,2
PAIS VASCO	1,39	1,2	0,19	1	0,2
media	1,76	1,3	0,46	1	0,3

(i) Fronte á media das comunidades autónomas do -3,2%, Galicia presentou unha necesidade de financiamento no 2011 do 1,61%, a metade da media de déficit das restantes comunidades autónomas.

(ii) No 2012 fronte a media do 1,76%, Galicia liquidou as súas contas cunha necesidade de financiamento do 1,26% segundo o resultado comunicado pola IGAE.

(iii) Se aplicamos a porcentaxe indicada ás previsións de evolución do PIB nominal de Galicia que resultan do cadro anterior, podemos estimar as contías que supón o obxectivo de estabilidade orzamentaria que, no período que abrangue o informe é de necesidade de financiamento ou déficit.

en % e millóns de euros

	2013	2014	2015	2016
Obxectivo estabilidade		-1,0%	-0,7%	-0,2%
Necesidade financiamento		576	413	122

(IV) Se temos en conta a estimación do déficit cíclico da comunidade autónoma calculada polo IGE a partires do output gap e segundo a metodoloxía validada pola comisión europea, podemos calcular a senda de déficit axustado ciclicamente da comunidade autónoma.

A dedución das medidas one-off previstas na execución dos vindeiros orzamentos(calculada en base a unha estimación da media dos gastos extraordinarios dos últimos anos) nos permitiría estimar o déficit estrutural da comunidade autónoma.

en % do PIB

	2014	2015	2016
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	1	0,7	0,2
SALDO CICLICO	0,4	0,3	0
SALDO CICLICAMENTE AXUSTADO	0,6	0,4	0,2
medidas one-off	0,15	0,1	0,1
DEFICIT ESTRUCTURAL	0,45	0,3	0,1

Como pode verse este saldo amosa que a necesidade de axuste das finanzas públicas autonómicas á marxe do ciclo económico, a súa contía reflicte que case a metade do déficit da comunidade autónoma é estrutural, dada a rixidez dos seus gastos e que os esforzo continuado de axuste permitirá a súa práctica eliminación no 2016 sen necesidade de acometer medidas de axuste de amplo espectro.

iii. axustes de contabilidade nacional

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto orzamentario e como emprego en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-95) é un sistema de Contabilidade Nacional e *«constitue un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar*

unha descrición sistemática e polo miudo dunha economía no seu conxunto,dos esus compoñentes e das súas relacións con outras economías».

O SEC-95 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto deberemos atender a os seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso e orzamentación debe planificarse non so en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-95, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto. a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta pola Intervención Xeral da comunidade autónoma foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte vaia

mellorando a conxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.

2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. O máis importante é o correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

Debe de terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

	millóns de euros				
	realiz 2012	**lim 2013**	**2014**	**2015**	**2016**
TOTAL AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL	181	132	100	93	88

O signo dos axustes de contabilidade nacional, é debido ao axuste positivo que xera o pago das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 a razón de 206 millóns de euros/ano a partires do 2012.

9. LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO CONSOLIDADO.

Da agregación dos anteriores compoñentes podemos derivar a senda de dispoñibilidades financeiras a medio prazo da comunidade autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados.

Como pode verse a feble evolución dos ingresos tributarios, tanto os percibidos a través dos pagos a conta do sistema de financiamento como os propios determina unha minoración total dos recursos non financeiros que so resulta paliada en parte por unha relaxación da senda de consolidación fiscal.

Para garantir unha aterraxe suave do encaixe financeiro da comunidade autónoma haberá que tomar decisións que dinamicen os ingresos propios e rematar de acometer o axustes estruturais pendentes eliminando o saldo recollido na páxina 49.

A continuación da consolidación ata eliminar o recurso ao endebedamento e acadar os parámetros da LOEPSF vira dada pola mellora das condicións económicas a medio prazo.

Todo o anterior así como a minoración dos fondos estruturais da unión europea recollida no novo MCE 2014-2020 determinara unha evolución estable cun lixeiro descenso no marco de referencia temporal do informe para os recursos totais e de estabilización ata 2015 e crecemento a partires do 2016 para os recursos non financeiros.

Unha vez acadado o nivel dos recursos non financeiros, o gasto rondará a medio prazo os 8.000-8.500 millóns de euros. É dicir, o gasto consolidarase a medio prazo ao nivel de gasto estrutural dos exercicios 2005-2006, esta tendencia xa se puxera de manifesto no pasado informe financeiro-fiscal.

A evolución prevista para o límite de gasto e coherente coa taxa de referencia nominal da economía, elaborado dacordo coa proposta metodolóxica da LOEPSF, recollida na páxina 37 do informe, polo que respectaría a regra de gasto do artigo 12.1 da devandita norma.

millóns de euros

	limite gasto 2012	limite gasto 2013	2014	2015	2016
recursos sistema de financiamento	6.080	6.194	6.023	6.135	6.338
fondos finalistas doutras administracións	1.044	913	918	736	751
outros recursos non financeiros	881	835	839	756	767
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	8.005	7.942	7.780	7.628	7.856
capacidade (+) ou necedidade (-) de financiamento	670	407	576	413	122
axustes de contabilidade nacional	181	132	100	93	88
LIMITE DE GASTO	8.856	8.481	8.456	8.133	8.066
var %			-0,3%	-3,8%	-0,8%

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS
1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA
1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
1.3.5. MOCIÓNS
1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
1.4.3. INTERPELACIÓNS
1.4.4. PREGUNTAS
1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS
4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727